

8 Febrero de 2016 - Revista 1059

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 5

BOLSAS E AXUDAS / 9

PREMIOS E CONCURSOS / 11

NOVAS DE EMPREGO / 12

NOVAS DAS CASAS DA XUVENTUDE E OMIX / 24

EN PORTADA

A directora xeral de Xuventude visita o punto de asesoramento Quérote+ na Coruña que leva traballando desde novembro a prol do asesoramento sobre sexualidade para a mocidade

Mercores, 03 Febreiro 2016 18:11

• Esta iniciativa de facilitar un punto físico de Asesoramento e Información destinada a universitarias e universitarios enmárcase dentro do proxecto Campus UDC = Universidade Saudable

• O Punto de Asesoramento Quérote Máis está atendido polo equipo técnico de Quérote+ durante os mércores lectivos durante o curso académico, en horario de 17:00 a 19:00 horas no Centro Universitario de Riazor; o resto de días, o asesoramento levase a cabo de forma habitual na Praza de Ourense

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou esta tarde o **Punto de Asesoramento Quérote+ do proxecto Campus UDC = Universidade Saudable** no Centro Universitario de Riazor. A directora xeral valorou positivamente o traballo deste centro que desde o pasado mes de novembro leva a cabo unha nova liña de atención, posto en marcha previamente pola USC en cursos anteriores e dirixido á poboación universitaria da cidade.

Os centros **Quérote+** son centros de asesoramento para a mocidade, dependentes da Dirección Xeral de Xuventude Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, no relativo a información e asesoramento sobre sexualidade, imaxe corporal e autoestima, convivencia, uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación e prevención de consumos. Son referentes na realización da proba rápida de VIH, realizan probas de embarazo e dispensan preservativos, tanto masculinos como femininos. O servizo atende consultas sobre todos estes temas de forma gratuíta, anónima e confidencial, a través das distintas vías dispoñibles: presencial, telefónica, en liña e a través de aplicacións móbiles.

Esta iniciativa de facilitar un punto físico de Asesoramento e Información destinada a universitarias e universitarios enmárcase dentro do proxecto **Campus UDC = Universidade Saudable**, implementado recentemente pola universidade coruñesa, adherida á **Rede Española de Universidades Saudables (REUS)**. Con esta medida respóndese a algúns dos principais obxectivos do proxecto como os relativos a potenciar a universidade como contorna promotora da saúde da comunidade universitaria e da sociedade no seu conxunto, promover e favorecer o traballo conxunto entre organismos de saúde pública, as institucións comunitarias e as universidades, ou fomentar a oferta de servizos e actividades dirixidos a promover a saúde da comunidade universitaria.

O **Punto de Asesoramento Quérote Máis** na UDC está atendido polo equipo técnico de **Quérote+** durante os mércores lectivos durante o curso académico, en horario de 17:00 a 19:00 horas no Centro Universitario de Riazor (*Biblioteca antiga Empresariáis*), na rúa Almirante Lán-

gara, s/n. Ademais, como é habitual, o asesoramento tamén se leva a cabo de luns a venres na Praza de Ourense nº 7-8 -1º esquerda. Para facer chegar aos mozos/as toda esta información, leváronse a cabo varias mesas informativas e están previstas presentacións en aulas das diversas Facultades.

A Xunta destaca o carácter social e formativo dos proxectos de voluntariado europeo nos que participa a mocidade galega

Xoves, 04 Febreiro 2016 13:01

• A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe en Carral unha mostra de traballos feitos por dúas mozas de Polonia e Italia que están a levar a cabo unha acción voluntaria nesta vila coruñesa

• Os proxectos de Servizo Voluntario Europeo supoñen para os mozos e mozas participantes unha experiencia de educación non formal para o exercicio da solidariedade, a promoción das relacións con culturas distintas e a adquisición de competencias, aptitudes e habilidades que axudarán ao seu desenvolvemento persoal, educativo e profesional



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe na **Casa da Cultura do concello de Carral** a exposición dos traballos realizados nos últimos meses por dúas mozas de **Polonia e Italia** que están a desenvolver un proxecto de Voluntariado europeo neste municipio coruñés.

Cecilia Vázquez destacou que actualmente en Galicia teñen a certificación para participar en proxectos de **Servizo Voluntario Europeo** un total de **17 concellos e 47 entidades** sen ánimo de lucro. Ao respecto deste programa, do que este ano se conmemora o vixésimo aniversario, "ofrece aos mozos e mozas unha experiencia de educación non formal para o exercicio da solidariedade, a promoción das relacións con culturas distintas e a adquisición de competencias, aptitudes e habilidades que axudarán ao seu desenvolvemento persoal, educativo e profesional".

En concreto, a iniciativa do **Servizo Voluntario Europeo do Concello de Carral** conta cun orzamento de 23.257,49 euros e participan cinco mozos e mozas: as dúas voluntarias de acollida que están residindo en Carral, e un mozo e dúas mozas desta vila coruñesa que son de envío -dous están en Italia e unha en Polonia-. Estas cinco persoas levan a cabo durante seis meses o seu proxecto de voluntariado.

Elevada participación

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado indicou que no ano 2015 foron aprobados en Galicia un total de **19 proxectos de Servizo Voluntario Europeo** que suman un orzamento de 356.114 euros e nos que participaron 66 mozos e mozas.

O **Servizo Voluntario Europeo** é unha acción incluída no programa europeo **Erasmus+: Xuventude en Acción**, dentro da liña estratéxica de mobilidade dos mozos e mozas. Esta iniciativa europea ofrece á xuventude, con idades comprendidas entre os 17 e os 30 anos, a

oportunidade de contribuír ao traballo diario das organizacións que traballan no ámbito xuvenil, o desenvolvemento persoal e socio-educativo, a implicación civil, asistencia social, a inclusión dos desfavorecidos, o medio ambiente e os programas de educación non formal, entre outros.

As entidades que poden participar en **Erasmus+: Xuventude en Acción** nos proxectos de *Servizo Voluntario Europeo* son as entidades sen ánimo de lucro; os organismos públicos de ámbito local, rexional e nacional; e as empresas con responsabilidade social cooperativa. Así mesmo, os mozos e mozas participan nesta liña de acción normalmente de maneira individual. Sen embargo, o programa recolle a posibilidade da realización dun *Servizo Voluntario Europeo* de grupo no que estean implicados polo menos dez voluntarios; e tamén a participación de voluntarios en eventos a gran escala europea con mínimo de 30 voluntarios. O período de duración do servizo oscila entre os dous e os doce meses.

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Campos de voluntariado nas Illas Atlánticas

Mercres, 03 Febreiro 2016 00:00



A **Oficina Ecocampus UAM** xunto a **Amigos da Terra** ofertan de novo este ano os **Campos de Voluntariado Ambiental en Parques Nacionais**. Unha iniciativa, promovida polo **Organismo Autónomo Parques Nacionais**.

Este ano os **Campos de Voluntariado Ambiental** desenvolveranse en **4 Parques Nacionais**:

Táboas de Daimiel
Illas Atlánticas de Galicia
Monfragüe
Sierra Nevada.

Illas Atlánticas: 4 campos de voluntariado:

Quenda 1 Illas Cíes. 3-6 marzo
Quenda 2 Illa Ons. 17-20 marzo
Quenda 3 Illa Cortegada. 7-10 abril
Quenda 4 Illa Sálvora. 21-24 abril

Admitiranse solicitudes a partir de xaneiro de 2016.

Toda persoa maior de idade que queira participar terá que encher a ficha de solicitude. Nela veñen establecidas as condicións de participación.

O número total de voluntarios por quenda é de 6 persoas. As persoas que sexan seleccionadas recibirán información do *Parque Nacional* ao que asistirán e as actividades para desenvolver, así como das normas de participación e de seguridade.

Unha vez finalizado o *Campo de Voluntariado* farase entrega dun *Certificado de Asistencia* a todos os voluntarios que participasen neste Plan de Sensibilización e Voluntariado na Rede de Parques Nacionais.

Máis información e solicitudes: http://www.uam.es/servicios/ecocampus/especifica/part_campos.htm

No Hate

Xoves, 04 Febreiro 2016 11:04



Baixo o lema **No Hate Speech online** (non ao discurso de odio na Rede), o *Consello de Europa* convocou esta **Campaña** que pretende mobilizar aos cidadáns, especialmente aos mozos, para que debatan, actúen xuntos en defensa dos *Dereitos Humanos* e loiten contra calquera forma de intolerancia na internet.

En España, a **Campaña** está a ser impulsada polo **Instituto da Mocidade, INJUVE** como organismo da *Administración Xeral do Estado* especializado en mocidade e na promoción da participación xuvenil.

Obxectivos xerais:

Aumentar a conciencia sobre as expresións da intolerancia e o odio na internet e sobre os riscos que estas comportan para a democracia.

Implicar aos mozos para que loiten polos **Dereitos Humanos (DDHH)** na internet e dotarlles de medios e coñecementos.

Detectar os focos e formas do discurso do odio, o seu impacto e a súa percepción, para ter un coñecemento global da situación, e reducir os seus niveis de aceptación.

Mobilizar mozos polos **DDHH** e formalos para que actúen contra o racismo e a discriminación.

Apoiar e solidarizarse coas persoas e os grupos obxecto da expresión da intolerancia e odio on-line.

Motivar a participación da mocidade e a cidadanía en xeral.

Avogar por consensos sobre os instrumentos da política europea para combater a incitación á intolerancia e ao odio na internet.

A **Campaña** non pretende limitar a liberdade de expresión na internet, senón loitar contra a intolerancia e a incitación ao odio online en todas as súas formas, incluídas as que máis afectan os mozos, como as diferentes modalidades de ciberacoso.

Estará baseada no ensino e difusión dos **Dereitos Humanos**, a participación dos mozos e a alfabetización dixital.

Dentro da **campaña No Hate**, entre outros temas trátase o ciberbullying: [Documento sobre ciberbullying](#)

Máis información en <http://www.nohate.es/>

Superkids Online: contra o acoso en internet

Xoves, 04 Febreiro 2016 11:22



"European Superkids Online" é un proxecto integrado no **Programa Daphne III**, financiado pola **Comisión Europea**, que ten como principal obxectivo o fortalecemento dos menores contra a violencia online, a través de módulos e-learning. Os países e organizacións que conxuntamente colaboraron neste proxecto son **Italia (Save the Children Italy)**, **Polonia (Nobody's Children Foundation)**, **Dinamarca (Save the Children Denmark)** e **España (PROTÉGELES)**.

Actualmente, existe unha gran preocupación a nivel internacional polo incremento da violencia online entre os menores. A ampla difusión das novas tecnoloxías permitiu a aparición e expansión de fenómenos como o ciberbullying, ou acoso escolar a través das novas tecnoloxías, no que se mesturan outras situacións como as usurpacións de identidade, as ameazas, calumnias, inxurias e outras.

Ademais deste problema, sucédense outro tipo de situacións conflitivas na Rede que tamén requiren especial atención e tratamento. Problemas como o grooming (acoso sexual a través das novas tecnoloxías), o sexting (envío de imaxes con contido sexual ou exhibicionista) e, en xeral, todo aquilo relacionado cos perigos derivados da falta de privacidade na internet, poñen de manifesto a necesidade de intervir para evitalos, ou afrontalos con éxito unha vez que se produciu.

Dentro deste Proxecto, cada país personalizou os temas para tratar en función das necesidades detectadas entre os menores. En España, **PROTÉXELLES** levou a cabo unha serie de enquisas e entrevistas cos menores que puxeron de manifesto a necesidade de traballar con eles, ademais do *Ciberbullying*, a importancia de coidar a súa privacidade cando están na Rede.

Os módulos e-learning están especificamente deseñados e adaptados para os menores de 10 a 13 anos. Os pais, profesores e educadores poden facer uso destes módulos para traballar co devandito colectivo.

A contorna escolar é un lugar idóneo para enriquecer a experiencia dos estudantes no mundo dixital, así como para formarles no uso seguro e responsable das TIC. En moitas ocasións, profesores e educadores manifestou a necesidade de materiais e recursos específicos para poder traballar sobre estes temas na aula. Esta guía pretende ser un recurso no que atopar a información e material necesario para formar aos menores, e reflexionar con eles sobre nestas cuestións na súa contorna escolar e/ou familiar.

Este material, por tanto, ponse tamén a disposición dos pais e nais implicados activamente na formación dixital dos seus fillos. Nesta guía acharán información e recursos necesarios para poder traballar desde casa este tipo de fenómenos.

Con esta idea xorde o proxecto "**European Superkids Online**" dentro da Unión Europea, co obxectivo de poñer a disposición dos colectivos implicados un recurso, con información teórica e actividades prácticas (vídeos, estudo de casos, test...) para formar e previr condutas de risco na abordaxe do ciberbullying, e no desenvolvemento da protección da privacidade online.

Máis información en <http://yocontrolo.es/>

Recursos online: http://yocontrolo.es/recursos_web.php

Programa de cooperación cos concellos en materia de mocidade

Venres, 05 Febreiro 2016 08:16



A **Deputación de Ourense** convoca un programa de cooperación económica cos concellos en materia de mocidade.

Requisitos:

Poderán obter subvención os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes que desenvolvan calesquera actividades en prol da mocidade durante o exercicio 2016.

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 6.000 € e ata o 100% dos custos derivados das actividades subvencionadas.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **5 de marzo de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 5 de febreiro de 2016.

Bolsas Fondo Español de Garantía Agraria

Luns, 08 Febreiro 2016 12:57

Período de inscrición: do 6/2/2016 ao 23/2/2016.

Información: convocatoria de bolsas de formación práctica, para enxeñeiros agrónomos ou titulados co Master en Enxeñería Agronómica, en tarefas relacionadas co ámbito das competencias do FEAGA, Fondo Español de Garantía Agraria durante un prazo de doce meses prorrogables por outros doce.



Convócanse 3 bolsas cuxa dotación por beneficiario será de 1.200 euros mensuais.

Beneficiarios: españois ou dun Estado membro da Unión Europea, residentes en España, que teñan menos de 30 anos, que terminasen os seus estudos no prazo dos 6 anos anteriores ao día seguinte ao da entrada en vigor da convocatoria, e que estean en posesión ou en condicións de obter o título de enxeñeiro agrónomo ou ser titulado co master en enxeñería agronómica, que habilita para o exercicio da profesión de enxeñeiro agrónomo.

Convoca: Fondo Español de Garantía Agraria. Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Dotación: 3 bolsas cuxa dotación por beneficiario será de 1.200 euros mensuais.

Máis información: extracto da Resolución do 29 de xaneiro de 2016 do Fondo Español de Garantía Agraria, pola que se convocan bolsas de formación práctica, para enxeñeiros agrónomos ou titulados co Master en Enxeñería Agronómica. BOE 5 de febreiro de 2016

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na *Base de Datos Nacional de Subvencións* www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index.

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Cursos gratuitos da Escola Virtual de Igualdade do Instituto da Muller

Mercres, 03 Febreiro 2016 08:46

Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades



O **Instituto da Muller** e para a **Igualdade de Oportunidades**, ofrece unha formación on-line en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, cunha metodoloxía áxil e flexible, dirixida a todas as persoas interesadas e con diferentes niveis de especialización.

Este programa formativo é gratuito e está cofinanciado polo **Fondo Social Europeo** e contén unha oferta de **8 cursos**, que se poden consultar en escuelavirtualigualdad.es/como-inscribirse.php.

Para os cursos de nivel avanzado será necesario superar un test de nivel.

A formación é individualizada. Para cada participante o curso comeza cando realiza a inscrición e dispón, desde ese momento, de 8 semanas para finalizalo.

As condicións para participar na **Escola do Instituto da Muller** e para a **Igualdade de Oportunidades** son:

Os cursos son gratuítos e completamente Online.

Os diplomas expídeos o Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades.

A matrícula está permanentemente aberta ata xuño do 2016 ou ata cubrir as prazas ofertadas (son limitadas).

Poden participar persoas con DNI ou NIE en vigor en todo o país.

Só pódese facer un curso por persoa.

Máis información:

Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades

<http://www.escuelavirtualigualdad.es/>

Cursos Monográficos en Vigo

Mercres, 03 Febreiro 2016 10:39



A **Escola de tempo libre Pasatempos** organiza en **Vigo** os seguintes **cursos monográficos**:

Introducción á Expresión Corporal e Clown.

Orientado a: Formadores, Monitores, Docentes e outros/as profesionais e persoas interesadas.

Duración: 4 horas (1 sesión)

Data: 24 de Febreiro de 16:00 ás 20:00 h.

Prezo: 18 €

Impartido por Tito Spaghetti

Escritura Creativa: Ferramentas e Recursos de Lecto-Escritura na Aula.

Orientado a: Formadores, Monitores, Docentes e outros/as profesionais e persoas interesadas

Duración: 4 horas (1 sesión)

Data: 3 de Marzo de 16:30 ás 20:30 horas

Prezo: 18 €

Impartido por María N.Soutelo

Descostos co carné xove!!!

Máis información na Escola de tempo libre Pasatempo, teléfono 693 603 349 e en <https://es-la.facebook.com/pasatempos.tem-polibre>

Curso de Iniciación ao Tai Chi e o Chi Kung en Santiago de Compostela

Mercores, 03 Febreiro 2016 10:49



A **Fundación USC Deportiva** organizará os vindeiros sábados **5 e 12 de marzo** en Santiago de Compostela un **Curso de Iniciación ao Tai Chi e o Chi Kung**.

O curso estará impartido por *Carlos Fernández Álvarez*, profesor de tai chi, kung fu e mestre en diversas artes marciais.

Prezo: O prezo do curso é de 45 € e as prazas son limitadas (máximo 15 participantes) polo que se recomenda realizar a reserva de praza o antes posible xa que se respectará rigorosamente a orde de inscrición.

Datas: 5 e 12 de marzo de 2016

Horario: O curso desenvolverase de 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 17:30 horas na Residencia Universitaria Monte da Condesa (Campus Vida).

Máis información en <http://fundacionuscdeportiva.org/>

Programación de actividades de Ugacota na rede Eusumo 2016

Mercores, 03 Febreiro 2016 10:57



Actividades de **Ugacota na Rede Eusumo 2016**, son cursos presenciais e gratuitos.

Vilagarcía de Arousa

No Centro da Rede Eusumo, Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía.

EMPRENDER EN SOLIDARIO

Formación cooperativa para persoas que queren emprender.

Do **16 ao 19 de Febreiro**. Teléfono: 981 575 578. rosaab@ugacota.coop

Vigo

No Centro da Rede Eusumo, Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía.

POR QUE NON TRABALLAMOS EN EQUIPO?

Habilidades sociais para contornos cooperativos.

Do **23 ao 26 de Febreiro**. Teléfono: 986 136 592. nuria@ugacota.coop

EMPRENDER EN SOLIDARIO

Formación cooperativa para persoas que queren emprender.

Do **8 ao 11 de Marzo**. Teléfono: 986 136 592. nuria@ugacota.coop

A Coruña

No Centro da Rede Eusumo, Universidade de A Coruña – Campus de Riazor.

CONTABILIDADE PARA O EMPRENDEMENTO COOPERATIVO

Nocións básicas sobre contabilidade, adaptada ás particularidades dunha empresa cooperativa.

Do **1 ao 4 de Marzo**. Teléfono: 981 575 578. rosaab@ugacota.coop

PLAN DE EMPRESA COOPERATIVO

Análise da viabilidade de proxectos cooperativos .

Do **15 ao 18 de Marzo**. Teléfono: 981 575 578. rosa@ugacota.coop

POR QUE NON TRABALLAMOS EN EQUIPO?

Habilidades sociais para contornos cooperativos.

Do **29 de Marzo ao 1 de Abril**. Teléfono: 981 575 578. rosaab@ugacota.coop

Máis información en:

<http://ugacota.coop/rede-eusumo/actividades-de-ugacota-na-rede-eusumo-2016/>

Curso de Primeiros Auxilios en Santiago de Compostela

Mercres, 03 Febreiro 2016 11:43

CURSO DE PRIMEROS AUXILIOS



Cruz Vermella de Santiago de Compostela convoca un curso completo de **Primeiros Auxilios** no que se abordan todos os contidos sobre este tema, ademais das técnicas que poden aplicar os primeiros intervinientes nunha situación de emerxencia.

Obxectivos:

Coiñecer os fundamentos dos Primeiros Auxilios, e a terminoloxía básica de anatomía.
Saber aplicar correctamente as técnicas de Reanimación Cardio Pulmonar (RCP).

Aplicar correctamente técnicas básicas para poder actuar ante situacións de urxencia:

feridas, traumatismos, queimaduras e accidentes con máis dunha vítima.

Saber mobilizar correctamente a unha persoa ferida.

Programa:

1. Socorrismo: aspectos xerais.
2. Autoprotección. Seguridade na intervención.

3. Avaliación inicial.
4. Soporte Vital Básico. Reanimación Cardio Pulmonar (RCP).
5. Hemorragias e Shock.
6. Feridas e contusións.
7. Queimaduras e alteracións da termorregulación.
8. Traumatismos osteoarticulares.
9. Traumatismo craneoencefálico, columna e politraumatizados.
10. Outras situacións de urxencia.
11. Urxencias materno infantís e pediátricas.
12. Mobilización e evacuación de feridos.
13. Intervención en accidentes con múltiples vítimas.
14. O Botiquín.

Datas: do 9 ao 23 de abril de 2016

Horario: sábados e domingos de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00

Prezo: 120 €. Desconto do 10% a estudantes e parados.

Cruz Vermella Española

Av. Lugo 42 . 15707 Santiago de compostela
Tfno: 981 58 69 69

<http://www.cruzvermella.org/>

www.facebook.com/cruz.Vermella.Santiago www.twitter.com/cruzvermella

Congreso Internacional XXIX Seminario Interuniversitario de Pedagogía Social

Luns, 08 Febreiro 2016 13:00



Período de inscrición: do 3/2/2016 ao 30/5/2016.

Información: Congreso Internacional XXIX Seminario Interuniversitario de Pedagogía Social. Pedagogía social, mocidade e transformacións sociais que se celebrará na cidade de Xirona os días 14, 15 e 16 de setembro de 2016.

Este **Congreso** propónse reflexionar e formular propostas concretas que permitan avanzar na reflexión sobre a mocidade, os programas e servizos dirixidos a este colectivo e o seu papel nas transformacións sociais.

Co fin de responder os interrogantes que se expoñen neste congreso, o programa estrutúrase ao redor de catro eixos (temáticas) de traballo, coa vontade de tratar os principais puntos de análises e solicitar aquelas achegas que permitan impactar tanto no ámbito académico como profesional e político.

1. Pedagogía social e transformacións sociais.
2. Políticas de mocidade e acción socioeducativa.
3. Mocidade e empoderamento.
4. Retos na formación e a investigación sobre mocidade.

Data de celebración

14, 15 e 16 de setembro de 2016 en Xirona.

Convoca: Universidade de Xirona.

Máis información: Congreso Internacional XXIX Seminario Interuniversitario de Pedagogía Social.

Teléfono: 646.440.097.

Correo electrónico: cipesjove@udg.edu. www.cipesjove.com

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Director/a de actividades de tempo libre intensivo na Coruña

Martes, 02 Febreiro 2016 08:39

Polaris Escola de tempo libre organiza na **Coruña un curso de Director/a de actividades de tempo libre** intensivo en semana santa e abril de 2016.

Lugar de realización: Instalacións de Lecer Formación na rúa Gambrinus N°151. 15008 A Coruña.



Duración do curso: 300 horas (150 fase teórica + 150 fase práctica).

Datas de realización e horarios:

Semana Santa 2016: día 18 de 16 a 21h, e do 19 ao 28 de Marzo en horario de 9 a 14 e de 16 a 21h.

Fins de semana en abril: día 1 de 16 a 21h. Días 2, 3, 9 e 10 de 9 a 14 e de 16 a 21h.

Información e inscricións:

Teléfono de contacto: 633 257 646

email: polarisetl@galiciamultigestiondeportiva.com

web: www.galiciamultigestiondeportiva.com

Oficina: Avenida do Exército 21, 1ºC. 15006, A Coruña

Curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Coruña

Venres, 05 Febreiro 2016 08:55



A **Escola de tempo libre Campa** organiza un **curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Coruña**.

Datas: do 1 de marzo ao 29 de maio de 2016.

Horario: luns a xoves 09:30 a 13:30 horas.

Inclúe ademais unha convivencia que se desenvolverá os días **28 e 29 de maio** en albergue xuvenil en réxime de pensión completa e aloxamento.

Requisitos

Ser maior de 18 anos e ter finalizada a ESO, o graduado escolar, FP1 ou equivalente

Estrutura e contido do curso

Fase teórico práctica: 200 horas lectivas.

Fase de prácticas: Unha vez superada a fase anterior. Consiste na realización dun mínimo de 14 días de actividade que se realizará en campamentos, albergues, campos de traballo e outros ou en 150 horas de actividade periódica como monitor de actividades de tempo libre nunha entidade que traballe no campo da educación no tempo libre. A Escola garante aos alumnos a realización das prácticas.

Prezo: 310 €

Desempregados e estudantes: 290 €

Se levas a un amigo/a: o prezo para cada un será de 280 €

Posibilidade de pago aprazado en **3 cotas**.

Máis información na Escola de Tempo Libre Campa

Rúa Simón Bolívar, número 3. 15011 A Coruña.

Teléfono: 981 214 444

escuela@etlcampa.net

<http://www.etlcampa.net/seccion.1.php>

BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

Convocatorias de Axudas a Programas de Actividades Estudantis. Curso 2015-2016 da UDC

Venres, 05 Febreiro 2016 12:45

A **Universidade da Coruña**, convoca estas **axudas para asociacións de estudantes legalmente rexistradas na Asociación da Universidade da Coruña**.

Esta convocatoria pretende estimular e incrementar as actividades realizadas polo estudiantado nos ámbitos científicos e culturais co obxectivo de fomentar hábitos participativos e de difusión de coñecemento da institución universitaria.

http://www.udc.es/export/sites/udc/_galeria_down/admision_bolsas/axudas/bolsas/convocatorias/axudas_asociacions201516.pdf

BOLSAS E AXUDAS IDIOMAS

Axudas cursos inmersión lingua inglesa para estudantes, UIMP

Luns, 08 Febreiro 2016 12:53



Período de inscrición: do 6/2/2016 ao 7/3/2016

Información: convócanse en réxime de concorrencia competitiva, ata 14.000 axudas para seguir un curso de inmersión lingüística en inglés organizado pola *Universidade Internacional Menéndez Pelayo*.

Poderán solicitar estas axudas os mozos que non cumprisen trinta anos ao **31 de decembro de 2016** e que obtivesen a condición de bolseiro para **cursar Ensinos Universitarios, Ensinos Artísticos Superiores, Outros estudos Superiores, Formación Profesional de Grao Superior ou segundo curso de Bacharelato** nalgunha das seguintes convocatorias:

- **Curso 2013-2014**, convocadas por **Resolución do 13 de agosto de 2013** da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades (BOE do 19 de agosto), para estudantes que cursen estudos postobligatorios.

- **Curso 2014-2015**, convocadas por **Resolución do 28 de xullo de 2014**, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades (BOE do 7 de agosto), para estudantes que cursen estudos postobligatorios.

Quen resulte beneficiarios da axuda poderán participar nun curso de axilidade oral en inglés cunha duración de cinco días e que se desenvolverá en réxime de internado de domingo pola tarde a sábado ao mediodía nas sedes e datas que se recollen no Anexo á convocatoria.

A obtención da axuda comportará a cobertura de todos os gastos inherentes á participación no curso con excepción de 100 euros en concepto de reserva de praza e dos gastos de desprazamento á sede do curso que lle sexa asignado que serán de conta do participante.

Convoca. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Dotación: a obtención da axuda comportará a cobertura de todos os gastos inherentes á participación no curso con excepción de 100 euros en concepto de reserva de praza e dos gastos de desprazamento á sede do curso que lle sexa asignado que serán de conta do participante.

Máis información: extracto da **Resolución do 18 de xaneiro de 2016** pola que se convocan 14.000 axudas para participar en cursos de inmersión en lingua inglesa organizados pola *Universidade Internacional Menéndez Pelayo*, destinadas a alumnos universitarios,

de *Ensinos Artísticos Superiores, Outros Estudos Superiores, FP de Grao Superior e segundo curso de Bacharelato*. **BOE 5 de febreiro de 2016**.

Publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na **Base de Datos Nacional de Subvencións** www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans.

Os interesados deberán cumprimentar a solicitude mediante o formulario accesible por internet na dirección www.mecd.gob.es a través da sede electrónica do *Ministerio de Educación, Cultura e Deporte* no apartado correspondente a "**Trámites e Servizos**".

BOE 05/02/2016

BOLSAS E AXUDAS → FORMACION PRACTICA

Programa de bolsas Bogliasco

Xoves, 04 Febreiro 2016 12:34



A **Fundación Bogliasco** convoca dúas veces ao ano un programa de bolsas para estancias de traballo creativo, para o desenvolvemento dun proxecto artístico.

As bolsas concédense, sen importar a súa nacionalidade, ás persoas cualificadas para realizar o traballo creativo avanzado ou investigación académica nas seguintes disciplinas: arqueoloxía, arquitectura, obras clásicas, danza, cinema ou vídeo, historia, arquitectura da paisaxe, literatura, música, filosofía, teatro, visuais letras.

Nas artes, o centro de estudos dá a benvinda ás persoas que realizan un traballo creativo e académico (por exemplo, a historia da arte, musicoloxía, a crítica de cine e así sucesivamente).

Cada ano, outórganse aproximadamente 50 bolsas. A duración da residencia no *Centro de Estudos de Liguria* é de 30 a 34 días, dependendo da orixe xeográfica dos participantes, a súa disciplina, e diversos requisitos de programación da Fundación.

As solicitudes son revisadas dúas veces ao ano.

Durante a súa estancia no Centro, a compañeiros e cónxuxes que acompañan proporcionaráselles aloxamento e manutención.

Os solicitantes:

Deben demostrar os seus logros significativos nas súas disciplinas, en consonancia coa súa idade e experiencia.

Tamén deben presentar descrições dos proxectos que se vaia a realizar en Bogliasco.

Os prazos de solicitude:

- **15 de xaneiro de 2016**, para o semestre de outono e inverno.

- **15 de Abril de 2016**, para o semestre de primavera.

Descobre como se aplican aquí: <http://www.bfge.org/en/apply>

BOLSAS E AXUDAS → OUTRAS

Musiqueando pola provincia de Lugo

Xoves, 04 Febreiro 2016 09:32



A *Deputación de Lugo* convoca o **programa Musiqueado** co fin de potenciar as festas de mercado carácter popular que se levan a cabo na provincia de Lugo.

No **Programa Musiqueando** poderán participar as agrupacións das seguintes categorías, que teñan residencia na **provincia de Lugo** e que estexan legalmente constituídas:

Bandas de música

Grupos corais

Grupos de música tradicional.

Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan *menores de 13 anos*.

Este Programa vai dirixido a:

Concellos da provincia, os cales poderán solicitar actuacións para acollerse a este programa.

Entidades sen ánimo de lucro da provincia que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura.

Comisións de festas que se adiquen a organizar as festas patronais.

Os cachés das actuacións serán os seguintes:

Bandas de música:

Bandas de menos de 15 integrantes: 800 euros.

Bandas entre 15 e 24 integrantes: 1000 euros

Bandas entre 25 e 39 integrantes: 1.300 euros

Bandas entre 40 e 50 integrantes: 1.500 euros

Bandas de máis de 50 integrantes: 2.000 euros

Grupos de música tradicional: 500 euros

Corais: 500 euros.

Os concellos, as asociacións legalmente constituídas e as comisións de festas deberán contribuir ao pago do 20% do custo de cada unha das actuacións solicitadas e concedidas. O 80% do custo das actuacións correrá a cargo da Deputación de Lugo.

As **agrupacións** que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude na **Deputación de Lugo** antes do **4 de marzo de 2016**.

Os **concellos e asociacións** deberán presentar as **solicitudes** antes do día **31 de marzo de 2016**.

Máis información no BOP de Lugo do 4 de febreiro de 2016.

BECA enxeñeiro/a de produción

Venres, 05 Febreiro 2016 07:31

Nº de postos: 1

Localidade: Padrón

Funcións:

• Enxeñeiros/as que queiran iniciar a súa carreira profesional nunha contorna industrial, dinámico e esixente onde poñer en práctica os coñecementos adquiridos durante a formación académica e completala coa realidade industrial dunha multinacional en continuo crecemento.

Requisitos:

• Ser diplomado/a, licenciado/a ou ter un doutoramento universitario ou estar matriculado nun Máster oficial ou ostentar titulación equivalente. No caso das titulacións nas que para a obtención do título sexa necesaria a presentación do proxecto fin de carreira, será suficiente ter aprobadas todas as materias da mesma.

• Estar inscrito no SERVICIO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA e facer constar nos seus datos que desexa optar a unha bolsa de formación de FEUGA.

• Cursar estudos nunha das tres universidades da nosa Comunidade Autónoma. Se o título pertencese a outras Universidades, poderase acceder ao PBF se está doutoramento ou matriculado nun Máster Oficial dunha das tres Universidades da Comunidade Autónoma.

• Ser menor de 31 anos.

• Finalizar os estudos nos tres últimos anos.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1708/beca-enxeñeroa-de-produccion>

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

Premios fundación Banco Sabadell a la investigación

Venres, 05 Febreiro 2016 12:46

O **banco Sabadell**, convoca **premios á investigación Biomédica** cunha dotación de 50.000 euros, á investigación económica cunha dotación de 30.000 euros e **10 axudas á investigación científica** cunha dotación de 6.000 euros.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **1 de marzo de 2016**.

Máis información: <https://www.grupbancsabadell.com/es/XTD/INDEX?url=/es/SOCIEDAD/PREMIOS/?menuid=72574&language=es>

Premios Fundación Fronteras do Coñecemento

Venres, 05 Febreiro 2016 12:52

Estes premios abarcan categorías de **Ciencias Básicas, Biomedicina, Tecnoloxías da comunicación, Música Contemporanea, Cambio climático**, etc.

